establecido pola Xunta nas súas escolas (Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, actualizado por resolución da AGASS de 10 de maio de 2017, DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017)

4. Mediante Providencia da Alcaldía do 19.07.2022 solicítase á Educadora Social que informe sobre dous aspectos:
 - a. Que comprobe se o réxime de tarifas previsto na actual Ordenanza Fiscal de Lousame coincide co réxime de prezos establecido pola Xunta nas súas escolas (Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, actualizado por resolución da AGASS de 10 de maio de 2017, DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017).
 - b. No caso de que non exista coincidencia, que indique o réxime de tarifas que debería aprobarse no Concello de Lousame, para adaptalas ao réxime de prezos establecidos pola Xunta de Galicia.
5. O día 21.07.2022 a Educadora Social do Concello emite informe sobre os aspectos indicados, sinalando o réxime de tarifas que debe ser aprobado para adaptalo ao réxime de prezos da Xunta de Galicia. De igual modo, sinala a necesidade da introdución dunha bonificación fiscal encamiñada á acadar a gratuidade na atención no Punto de Atención á Infancia do Concello de Lousame.
6. Ademais, coa intención de que esta modificación entre en vigor antes do 1 de setembro do 2022, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia.

Fundamentos Xurídicos:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.
4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Modificación do Anexo da Ordenanza Fiscal

Modificación proposta

1. Cota tributaria pola atención educativa.

A cota tributaria pola atención educativa en xornada completa fíxase en 173,49€.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo.

Cando o alumnado teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a cota tributaria da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Aplicación da cota tributaria mensual segundo os tramos de renda da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 35,78€.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 71,58 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 114,93 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 136,62 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 150,72 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 173,49 €.

3. Beneficios fiscais.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a cota que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes beneficios que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento. c) No suposto de matriculación no PAI do primeiro/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%. Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Para a aplicación dos beneficios teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza no Punto de Atención á Infancia, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da vindicación da declaración do IRPF. B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o neno ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento. 4. Exencións de pagamento. A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda ao centro. B) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.
--	---

55

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia

Expediente: 2022/G016/000001

PROPOSTA DE ACORDO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O 28.06.2022 a Educadora Social do Concello emite informe no que comunica que a Lei 18/2021, do 27 de decembro, aborda diversas medidas en materia de política social. Unha desas medidas pretende alcanzar a gratuidade na atención educativa das escolas infantís de 0 a 3 anos, para todos os nenos e nenas usuarios deste centro, con independencia do número de irmáns. Así, propón a modificación da actual Ordenanza Fiscal para adaptala a este cambio lexislativo.
2. O 28.06.2022 a Concelleira Delegada de Servizos Sociais, emite memoria xustificativa da necesidade de proceder á dita adaptación.
3. Do mesmo xeito, incorpórase ao expediente un documento aclarativo da Consellería sobre a aplicación da gratuidade. Da lectura dese documento parece desprenderse a necesidade de que se manteña en vigor a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do PAI; pero adaptada ao réxime de prezos establecido pola Xunta nas súas escolas (Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, actualizado por resolución da AGASS de 10 de maio de 2017, DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017)
4. Mediante Providencia da Alcaldía do 19.07.2022 solicítase á Educadora Social que informe sobre dous aspectos:
 - a. Que comprobe se o réxime de tarifas previsto na actual Ordenanza Fiscal de Lousame coincide co réxime de prezos establecido pola Xunta nas súas escolas (Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, actualizado por resolución da AGASS de 10 de maio de 2017, DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017).
 - b. No caso de que non exista coincidencia, que indique o réxime de tarifas que debería aprobarse no Concello de Lousame, para adaptalas ao réxime de prezos establecidos pola Xunta de Galicia.
5. O día 21.07.2022 a Educadora Social do Concello emite informe sobre os aspectos indicados, sinalando o réxime de tarifas que debe ser aprobado para adaptalo ao réxime de prezos da Xunta de Galicia. De igual modo, sinala a necesidade da introdución dunha bonificación fiscal encamiñada á acadar a gratuidade na atención no Punto de Atención á Infancia do Concello de Lousame.
6. Ademais, coa intención de que esta modificación entre en vigor antes do 1 de setembro do 2022, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia.

Fundamentos Xurídicos:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

Modificación do Anexo da Ordenanza Fiscal	
Modificación proposta	1. Cota tributaria pola atención educativa. A cota tributaria pola atención educativa en xornada completa fíxase en 173,49€. Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo. Cando o alumnado teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a cota tributaria da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. 2. Aplicación da cota tributaria mensual segundo os tramos de renda da unidade familiar. a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 35,78€. d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 71,58 €. e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

57





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Prezo da praza: 114,93 €. f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 136,62 €. g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 150,72 €. h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 173,49 €. 3. Beneficios fiscais. A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a cota que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes beneficios que non son acumulables entre si: a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento. b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento. c) No suposto de matriculación no PAI do primeiro/a fillo/a e sucesivos/as dunha unidade familiar, seralle de aplicación unha bonificación do 100%. Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Para a aplicación dos beneficios teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza no Punto de Atención á Infancia, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da vindicación da declaración do IRPF. B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o neno ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento. 4. Exencións de pagamento. A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda ao centro. B) As familias acoledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.
--	---

58

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia

10 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE SETEMBRO

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

Asunto: Cambio de data do pleno ordinario do mes de setembro do 2022
Expediente: 2022/X998/000050

O Pleno Corporativo, órgano competente para a aprobar este acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes e fundamentos.

1. Con ocasión da sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o día 04.07.2019, o Pleno Corporativo acordou o seguinte:
 - Realizar as sesións ordinarias no Salón do Plenos o último venres non festivo dos meses impares, ás 20:30 horas, en primeira convocatoria.
 - No caso de que o venres sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.
2. Segundo o acordado polo Pleno Corporativo, a sesión ordinaria do mes de setembro do 2022 debía ter lugar o venres, día 30 de setembro. Como este día é inhábil, ao ser declarado festividade local polo Pleno Corporativo, a sesión plenaria ordinaria debía ter lugar o xoves, día 29 de setembro do 2022.
3. A Secretaria titular do Concello de Lousame solicitou desfrutar parte do seu período vacacional do 15 ao 29 de setembro; polo que manter a data do pleno ordinario no 29 de setembro implicaría que asistise ao Pleno outro empregado público como Secretario/a Accidental ou a tramitación dunha acumulación para que a Dirección Xeral de Administración Local nomease un Secretario/a, funcionario/a de habilitación nacional, para esa data. De calquera xeito, ningún deles estaría familiarizado co Concello de Lousame, organización, competencias e funcionamento.

Por todo o anterior, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Modificar a data de celebración do pleno ordinario do mes de setembro do 2022 (que debía ter lugar o 29 de setembro) e fixala para o seguinte venres, día 7 de outubro do 2022, mantendo o seu carácter de pleno ordinario.

Segundo: Publicar o presente acordo na sede electrónica e Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento de calquera interesado.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

Asunto: Cambio de data do pleno ordinario do mes de setembro do 2022
Expediente: 2022/X998/000050

O Pleno Corporativo, órgano competente para a aprobar este acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes e fundamentos.

1. Con ocasión da sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o día 04.07.2019, o Pleno Corporativo acordou o seguinte:
 - Realizar as sesións ordinarias no Salón do Plenos o último venres non festivo dos meses impares, ás 20:30 horas, en primeira convocatoria.
 - No caso de que o venres sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.
2. Segundo o acordado polo Pleno Corporativo, a sesión ordinaria do mes de setembro do 2022 debía ter lugar o venres, día 30 de setembro. Como este día é inhábil, ao ser declarado festividade local polo Pleno Corporativo, a sesión plenaria ordinaria debía ter lugar o xoves, día 29 de setembro do 2022.
3. A Secretaria titular do Concello de Lousame solicitou desfrutar parte do seu período vacacional do 15 ao 29 de setembro; polo que manter a data do pleno ordinario no 29 de setembro implicaría que asistise ao Pleno outro empregado público como Secretario/a Accidental ou a tramitación dunha acumulación para que a Dirección Xeral de Administración Local nomease un Secretario/a, funcionario/a de habilitación nacional, para esa data. De calquera xeito, ningún deles estaría familiarizado co Concello de Lousame, organización, competencias e funcionamento.

60

Por todo o anterior, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Modificar a data de celebración do pleno ordinario do mes de setembro do 2022 (que debía ter lugar o 29 de setembro) e fixala para o seguinte venres, día 7 de outubro do 2022, mantendo o seu carácter de pleno ordinario.

Segundo: Publicar o presente acordo na sede electrónica e Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento de calquera interesado.

11 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO PP DE MEDIDAS URGENTES EN DEFENSA DAS FAMILIAS E ECONOMÍA

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica. A moción é lida polo primeiro tenente de Alcaldía, D. Ramón Manuel Martínez Rial.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA PROPOÑER AO GOBERNO DE ESPAÑA UN PLAN DE MEDIDAS URGENTES E EXTRAORDINARIAS EN DEFENSA DAS FAMILIAS E A ECONOMÍA ESPAÑOLA

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As políticas económicas que vén despregando o Goberno de PSOE-Podemos desde finais do ano 2018 non están a servir a España para converxer en desenvolvemento socioeconómico coa media da UE (ANEXO TÁBOA DE EUROSTAT- PIB PC-), de feito, os indicadores evidencian un atraso na saída da crise, e mostran un agravamento (de maneira lenta pero continua, e sistemática, e aquí o risco) dos desequilibrios macroeconómicos que sitúan as finanzas públicas nunha posición cada vez máis vulnerable (segundo Informe Anual 2021 do Consello Fiscal Europeo-Órgano Independente que asesora á Comisión Europea- ANEXO), reducindo a marxe de actuación das administracións públicas para apoiar a dinamización económica e o emprego.

Data extracted on 06/05/2022 10:07:41	from [ESTAT]
Dataset:	Main GDP aggregates per capita [NAMA_10_PC\$DEFAULTVIEW]
Last updated:	03/05/2022 23:00
Time frequency	Annual
Unit of measure	Percentage of EU27 (from 2020) total per capita (based on million euro, EU27 from 2020), current prices
National accounts indicator (ESA 2010)	Gross domestic product at market prices
TIME	2012 2013 2014 2015 2016 2017 2018 2019 2020 2021
EO (Labels)	
European Union - 27 countries (from 2012)	100.0 100.0 100.0 100.0 100.0 100.0 100.0 100.0 100.0 100.0
Euro area - 19 countries (from 2012)	113.5 113.3 113.3 113.0 112.9 112.4 112.2 111.8 111.2 110.7
Spain	85.6 84.2 83.6 84.4 85.0 85.1 85.0 84.4 79.2 78.9
Special value	not available

Nota explicativa: Esta táboa de Eurostat mostra como unha vez recuperada a senda converxente desde 2015 en 2019 cae e así segue... ata 2021...

A economía española xa mostraba signos de retardación especialmente desde o segundo trimestre de 2019, rexistrando ao peche do ano un crecemento do 2,1%, dúas décimas menos que en 2018 (2,3%). Durante 2019 o PIB per cápita de España afastouse da media da UE 27, ao pasar do 85% sobre a media en 2018 ao 84,4% en 2019, tendencia que tamén se observa se se consideran os datos en termos de paridade de poder adquisitivo (ANEXO TÁBOA EUROSTAT)

TIME	2014 2015 2016 2017 2018 2019 2020 2021
EO (Labels)	
European Union - 27 countries (from 2014)	100 100 100 100 100 100 100 100
Euro area - 19 countries (from 2014)	108 108 107 107 107 106 105 105
Spain	90 91 92 93 91 84 84

Á súa vez en 2019 evidenciouse un empeoramento dos desequilibrios nas contas públicas españolas, rompendo a tendencia de redución do déficit iniciada en 2013. Desta forma rexistrouse un déficit do -3,06% do PIB, superior ao do ano 2018 (-2,59%). (ANEXO TÁBOA EUROSTAT)

En 2020 ano de irrupción do COVID a economía caeu un -10,8%, unha caída 4 puntos porcentuais maior que a media rexistrada na zona euro (-6,4%). Ademais, España pechou 2020 con déficit do 10,27%, o maior entre os países da UE que de media rexistrou un -6,9% do PIB. A débeda pública española posicionouse na cuarta maior da UE alcanzando un 120% sobre o PIB.

En 2021 as economías rebotaron rexistrándose un crecemento do PIB na zona euro do 5,3%, pero o crecemento en España foi do 5,1% dúas décimas menor, a pesar de que o noso país sufrira unha caída un 40% maior que a rexistrada na zona euro o ano anterior.

Fronte ao dato rexistrado de crecemento de PIB español en 2021 do 5,1%, a previsión inicial do Goberno (reflectida no Plan Orzamentario de 2021 – outubro de 2020-) era do 9,8%. O desvío é de 4,7 puntos porcentuais. O déficit en 2021 sitúase no 6,87% do PIB, un dos maiores rexistros da UE. Este elevado déficit prodúcese a pesar de que os ingresos se han incrementado en 61.458 millóns de euros segundo declaracións da propia Ministra de Facenda.

A débeda pública sitúase ao 4T de 2021 de máis de 1,4 billóns, un 118% do PIB, quedando nunha posición vulnerable a un aumento de tipos como consecuencia das medidas monetarias do BCE para conter a inflación. Segundo Funcas, cada medio punto de crecemento dos tipos de interese podería supoñer un custo para o Estado e entre 3.000 e 4.000 millóns de euros de intereses adicionais.

De feito, a Reserva Federal de Estados Unidos e o Banco de Inglaterra xa están reaccionado con subida de tipos; mentres tanto no contorna UE a pesar de que aínda non empezou o proceso de subida de tipos no BCE (aínda que xa avisou da progresiva retirada de estímulos) as finanzas españolas xa notan as tensións nos mercados de débeda: A rendibilidade do bono español a 10 anos subiu por encima do 2% por primeira vez desde 2015; a curmá de risco do bono español respecto ao “bund” alemán volveu a escalar por encima dos 100 puntos básicos, e en recentes colocacións de letras a 12 meses por parte do Tesouro tívose que pagar aos investidores por primeira vez en 2 anos.

Por iso, tanto a Airef, como o Banco de España e a propia Comisión Europea recomendan un proceso de consolidación fiscal en canto a situación económica permítalo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Mentres tanto, o goberno actualizou ao fin as súas previsións para 2022. Acaba de reducir a previsión de crecemento do PIB do 7% ao 4,3% máis acorde co esperado por todos os servizos de estudos. España será o único país europeo que non recuperaría en 2022 o nivel económico previo á pandemia.

A economía non recuperou aínda nin o nivel de actividade nin de horas traballadas previo ao estalido da pandemia. Os últimos datos do Banco de España (anteriores á actualización do Programa de Estabilidade de España) estiman unha redución de case un punto da previsión de crecemento para o ano 2022 que quedaría en só un 4,5%, unha inflación do 7,5%, o que implicaría que só a finais do 2023 recuperaríase a perda de PIB derivada da pandemia.

Ademais, desde principios do ano de 2021 vén observando un crecemento da inflación, foi o oitavo país da UE con maior inflación (6,6%), afastado da media da eurozona (5,0%) e da UE (5,3%).

A inflación agravouse en 2022, rexistrándose xa en febreiro de 2022 (anterior ao comezo da invasión de Ucraína) un crecemento da inflación anual do 7,6% e do 3% no caso da subxacente, e alarmante en marzo cun incremento anual do 9,8%, e que se mantén nunha taxa do 8,4% no mes de abril, cuns datos de inflación subxacente (sen enerxía e sen alimentos) en aumento chegando xa ao 4,4%, un punto máis que en marzo o que indica que o aumento de prezos enerxéticos está a trasladarse ao conxunto da economía.

Non é certo que a nosa inflación sexa similar á dos nosos veciños. Países da nosa contorna inmediata como Francia (4,8%), Portugal (7,2%), Alemaña (7,8%), Italia (6,2%), teñen unha inflación elevada pero máis contida que España.


A situación na que se atopa España moi afastada dos países da nosa contorna implica a necesidade de adoptar medidas urxentes para paliar esta circunstancia.

Á súa vez a inflación está a impulsar un incremento na recadación que está a rexistrar máximos históricos como xa quedou evidenciada cos datos de recadación de 2021.

Esta tendencia intensificouse en 2022 dado o aumento da inflación, de feito, a Airef no informe de abril de 2022 sobre os orzamentos das AAPP destaca que “as tensións inflacionistas xeran no moi curto prazo un efecto positivo e automático de incremento da recadación, especialmente no IVE. Aproximadamente, cada punto de inflación adicional supón algo máis de 2.000 millóns de recadación adicional.”

De feito, a previsión do incremento de recadación para todo 2022 sobre o peche de 2021 é de 8.967 millóns (232.352 millóns previstos para 2022 fronte aos 223.385 contabilizados en 2021), pero só nos tres primeiros meses de 2022 xa se recadaron 9.219 millóns de euros máis que nos tres primeiros meses do ano 2021, isto é un 20,25% máis.

EVOLUCIÓN RECAUDACIÓN (Acumulado enero-marzo)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No propio informe mensual da AEAT indícase nas páxinas 7, 8 e 9 que boa parte do aumento de recadación en IRPF débese ás tensións inflacionistas "a subida do salario medio (un 2,5% nos dous primeiros meses do ano, punto e medio máis que en 2021), incremento que probablemente estea a reflectir o traslado aos salarios do repunte inflacionario que comezou a metade do ano pasado e que conleva tamén un aumento do tipo efectivo que tamén se traduce en máis ingresos"; e tamén en IVE "á marxe desas circunstancias, a tendencia nestes últimos meses é clara e caracterízase polo extraordinario crecemento do gasto suxeito ao imposto que, en termos da forma en que se liquida o mesmo, tradúcese en fortes incrementos en vendas e compras (en ambos os casos na contorna do 30% desde novembro) xustificadas en parte polas subidas de prezos dos últimos meses."

A inflación está a provocar dunha parte unha perda no poder adquisitivo das familias polo encarecemento dos produtos de consumo, e deteriorando a competitividade as empresas #ante o incremento do custo dos insumos e a tensión alza o custo laboral, que provoca á súa vez efectos de segunda rolda, co risco de reducir as marxes empresariais ou a capacidade de investimento dos axentes económicos; e doutra parte aumenta o custo fiscal #ante o "aumento do tipo efectivo" en IRPF e "polas subidas de prezos dos últimos meses" en IVE como destaca o Informe de Recadación da AEAT. Por tanto, as familias e ás empresas empobrecense coa inflación, unha polos efectos de aumento de prezos, e outro polo efecto sobre a fiscalidade que aumenta a carga impositiva.

Doutra parte, o deseño unilateral do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia por parte do Goberno da Nación, sen contar de maneira real e efectiva cos axentes económicos, nin co resto das administracións territoriais está a poñer en perigo o aproveitamento desta oportunidade histórica de transformación económica.

Nunhas semanas chegarían a España 31.000 millóns procedentes da Comisión Europea, pero en 2021 "o impacto foi practicamente nulo polos atrasos na execución" segundo a Airef, e en 2022 non se observan grandes avances, máis aló das transferencias intra-administrativas coas que maquillan os datos #ante Comisión, á vez que se pretende converter ás Comunidades Autónomas e Concellos en meros xestores administrativos con pouca marxe de actuación para corrixir as decisións adoptadas polos Ministerios.

Segundo o Segundo Informe de Seguimento dos fondos NGEU para España da CEOE o cálculo actual respecto a a execución real dos fondos NGEU xestionados directamente polo Estado é de 805 millóns de euros 5 dos 3.000 que xestiona de maneira directa. Isto é, só 1 de cada 4 euros chegados de Bruxelas.

En todo caso, trátase de estimacións xa que non é posible coñecer un dato certo de execución real, dado que non hai transparencia tal e como vén denunciado a propia CEOE, así como a Airef, o Banco de España ou FEDEA, tendo en conta que actualmente non existe unha fonte oficial, que de maneira centralizada recolla os datos integrados e detallados respecto da chegada finalista de fondos ao tecido produtivo, como si teñen outros países como Suecia, Francia e Portugal.

Esta información existe, pero non se publica, e a proba está en que nun dos informes publicados pola AIREF no mes de outubro de 2021 destácase que a IGAE ata o 31 de agosto dese ano tiña se que ofrecía o dato de execución efectiva do plan por un montante de 104 millóns de euros, pero a partir de aquí deixou de publicarse este dato.

Ante a actual situación económica de España e conscientes da nosa responsabilidade como alternativa de Goberno, o Partido Popular -en colaboración con diferentes axentes da sociedade civil que colaboraron na elaboración desta iniciativa este- ofreceu ao Presidente do Goberno apoio leal traballar polas familias e empresas españolas nunha batería de propostas realistas e que poden acometerse de forma inmediata para conseguir catro áreas prioritarias:

A racionalización do gasto burocrático e político do Goberno; o rediseño dos fondos europeos para facelos máis útiles; e reformas estruturais a medio prazo para incentivar a actividade económica.

En paralelo a unha baixada de impostos selectiva e inmediata, que complementa as reducións de impostos que veñen aplicando as Comunidades Autónomas gobernadas polo Partido Popular de maneira que tamén o Goberno de España adopte medidas co obxecto de devolver a sobre-recaudación ao peto dos contribuíntes especialmente na daqueles con menores rendas do traballo, e nos que o incremento do IPC fai maiores estragos.

Neste punto, e en base ás estatísticas de recadación hai marxe para actuar sen afectar o financiamento dos servizos públicos fundamentais, utilizando a marxe de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros de sobre-recadación, que pode verse ampliado se continúa o aumento da inflación; o máximo aproveitamento do financiamento europeo; a procura na eficiencia do gasto público e a posta en marcha de reformas estruturais para a dinamización económica, a creación de emprego e a mellora da produtividade.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

PRIMEIRO. -Propón ao Goberno de España que deseñe un Plan Nacional para a mellora da efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as Administracións Públicas, estatal, autonómicas e corporacións locais, que permita un aforro e racionalización do gasto.

SEGUNDO. - Propón ao Goberno de España que mellore o deseño do Plan Recuperación Transformación e Resiliencia para facelo máis áxil de maneira que o financiamento chegue ás empresas e familias de forma inmediata e para que as reformas sexan transformadoras; intensificando entre outras medidas, o uso de incentivos fiscais extraordinarios e temporais, aplicables a investimentos que fagan fogares e empresas que se consideren que contribúan á mellora da cohesión social e a capacidade de reacción ante as crises destinados a investimentos en materia de transformación e dixital e eficiencia enerxética, financiados para a Facenda Española con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinando polo menos un 7% do PRTR, a esta finalidade (4.900 millóns).

TERCEIRO. - Propón ao Goberno de España iniciar a implementación dun paquete de reformas estruturais para incentivar a actividade económica. (Exemplos destas medidas están contempladas nas páxinas 29 a 39 do documento remitido).

CUARTO. - Propón ao Goberno de España unha baixada de impostos de impostos selectiva, inmediata e temporal sobre os sectores máis afectados pola inflación, e para rendas baixas e medias cuantificada nunha pinza de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros que contemple como posibles medidas, a adoptar ben en solitario ou ben de forma combinada as seguintes:

- A) No IRPF deflactar a tarifa do IRPF nos tres primeiros tramos (ata 40.000 euros).*
- B) Crear no IRPF unha nova figura no mínimo persoal e familiar para rendas baixas e medias que se sitúan entre os 14.000 e os 22.000*
- C) Adaptar as retencións e pagos fraccionados para que as medidas de fiscais aprobadas teñan impacto automático e con efecto retroactivo desde o pasado 1 de xaneiro na economía das familias, empresarios e profesionais de forma inmediata.*
- D) Establecer un imposto negativo articulado como pago anticipado (axuda directa de entre 200 e 300 euros anuais que poderán obtela de forma anticipada) para persoas especialmente desprotexidas polo incremento do IPC para as rendas do traballo e de actividades económicas máis baixas sobre as que non hai obrigación de reter (caso xeral 14.000 euros, que pode chegar ata os 17.600 euros aproximadamente en función das circunstancias persoais e familiares do contribuínte), e coordinado coas axudas que se poidan recibir desde o Ingreso Mínimo Vital ou desde o Bono Social Eléctrico e do Bono Social Térmico, así como do resto de prestacións sociais que se prestan desde CCAA e Concellos Imposto negativo.*
- E) Aprobado para autónomos e profesionais a redución da tributación en estimación obxectiva en IRPF(módulos) e do réxime simplificado en IVE e réxime especial de recarga de equivalencia naqueles sectores especialmente afectados polo incremento de prezos e custos.*
- F) Introducir no Imposto de Sociedades un novo suposto de liberdade de amortización no artigo 12.3 LIS para este tipo de investimentos en eficiencia enerxética, cando cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente. Esta liberdade de amortización reservárase para os investimentos con nivel elevados de mellora da eficiencia enerxética (de modo similar a como se regularon distintas porcentaxes de dedución en DAA 50ª LIRPF, introducida por art. 1.2 da Real Decreto-lei 19/2021, do 5 de outubro), establecéndose nos casos nos que non se alcancen devanditos niveis, medidas de amortización acelerada (duplicando os coeficientes máximos de amortización do art. 12.1.a) LIS).*
- G) Baixar de maneira temporal o IVE do gas e a electricidade do 10% ao 5%, e impulsar a rebaixa do Imposto Especial de Hidrocarburos coa finalidade reducir a carga impositiva dos tributos indirectos do IVE e Impostos Especiais que gravan o consumo enerxético. Con iso preténdense dous efectos, dunha parte, liberar recursos na economía familiar e das empresas, e á súa vez contribuir á simplificación e a eficiencia ao aforrar custos de xestión, tendo en conta que sobre este tipo de imposición veñen realizando bonificacións e subvencións que complican a xestión, engaden carga burocrática para a administración, as empresas e os consumidores.*

En Lousame a 8 de xullo de 2022

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Dª Beatriz González Bargo, voceira do PSdG-PSOE sinala que van votar en contra, do mesmo xeito que o fixeron na Comisión Informativa. En primeiro lugar porque lles parece unha moción xeneralista, non adaptada ao Concello de Lousame. Hai moitas das medidas que se solicitan que xa se adoptaron, hai datos que non están contrastados con Europa, está mellor o emprego agora que no 2008, España e Portugal pagan menos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

pola electricidade que o resto dos países da UE... Está claro que todas as medidas que se tomen para a mellora das familias benvidas serán... Pero o Partido Popular tamén votou en contra da subida do salario mínimo interprofesional. Así por unha banda ven unha cousa, e por outra banda, ven outra.

O voceiro do Grupo Mixto, D. Anxo Moledo Carreño, anuncia que se vai abster porque nalgúns puntos están a favor pero noutros en contra. Sorpréndelle a postura do PP. Cando está no goberno sube impostos, e cando está na oposición dedícase a facer unha campaña de menos impostos. Se o PP está a favor dunha baixada de impostos, presenten estas propostas no Congreso dos Deputados que é onde o teñen que facer.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), tres (3) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Propón ao Goberno de España que deseñe un Plan Nacional para a mellora da efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as Administracións Públicas, estatal, autonómicas e corporacións locais, que permita un aforro e racionalización do gasto.

SEGUNDO: Propón ao Goberno de España que mellore o deseño do Plan Recuperación Transformación e Resiliencia para facelo máis áxil de maneira que o financiamento chegue ás empresas e familias de forma inmediata e para que as reformas sexan transformadoras; intensificando entre outras medidas, o uso de incentivos fiscais extraordinarios e temporais, aplicables a investimentos que fagan fogares e empresas que se consideren que contribúan á mellora da cohesión social e a capacidade de reacción ante as crises destinados a investimentos en materia de transformación e dixital e eficiencia enerxética, financiados para a Facenda Española con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinando polo menos un 7% do PRTR, a esta finalidade (4.900 millóns).

TERCEIRO: Propón ao Goberno de España iniciar a implementación dun paquete de reformas estruturais para incentivar a actividade económica. (Exemplos destas medidas están contempladas nas páxinas 29 a 39 do documento remitido).

CUARTO: Propón ao Goberno de España unha baixada de impostos de impostos selectiva, inmediata e temporal sobre os sectores máis afectados pola inflación, e para rendas baixas e medias cuantificada nunha pinza de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros que contemple como posibles medidas, a adoptar ben en solitario ou ben de forma combinada as seguintes:

- A) No IRPF deflactar a tarifa do IRPF nos tres primeiros tramos (ata 40.000 euros).
- B) Crear no IRPF unha nova figura no mínimo persoal e familiar para rendas baixas e medias que se sitúan entre os 14.000 e os 22.000
- C) Adaptar as retencións e pagos fraccionados para que as medidas de fiscais aprobadas teñan impacto automático e con efecto retroactivo desde o pasado 1 de xaneiro na economía das familias, empresarios e profesionais de forma inmediata.
- D) Establecer un imposto negativo articulado como pago anticipado (axuda directa de entre 200 e 300 euros anuais que poderán obtela de forma anticipada) para persoas especialmente desprotexidas polo incremento do IPC para as rendas do traballo e de actividades económicas máis baixas sobre as que non hai obrigação de reter (caso xeral 14.000 euros, que pode chegar ata os 17.600 euros aproximadamente en función das circunstancias persoais e familiares do contribuínte), e coordinado coas axudas que se poidan recibir desde o Ingreso Mínimo Vital ou desde o Bono Social Eléctrico e do Bono Social Térmico, así como do resto de prestacións sociais que se prestan desde CCAA e Concellos Imposto negativo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E) Aprobar para autónomos e profesionais a redución da tributación en estimación obxectiva en IRPF(módulos) e do réxime simplificado en IVE e réxime especial de recarga de equivalencia naqueles sectores especialmente afectados polo incremento de prezos e custos.

F) Introducir no Imposto de Sociedades un novo suposto de liberdade de amortización no artigo 12.3 LIS para este tipo de investimentos en eficiencia enerxética, cando cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente. Esta liberdade de amortización reservárase para os investimentos con nivel elevados de mellora da eficiencia enerxética (de modo similar a como se regularon distintas porcentaxes de dedución en DAA 50ª LIRPF, introducida por art. 1.2 da Real Decreto-lei 19/2021, do 5 de outubro), establecéndose nos casos nos que non se alcancen devanditos niveis, medidas de amortización acelerada (duplicando os coeficientes máximos de amortización do art. 12.1.a) LIS).

G) Baixar de maneira temporal o IVE do gas e a electricidade do 10% ao 5%, e impulsar a rebaixa do Imposto Especial de Hidrocarburos coa finalidade reducir a carga impositiva dos tributos indirectos do IVE e Impostos Especiais que gravan o consumo enerxético. Con iso preténdense dous efectos, dunha parte, liberar recursos na economía familiar e das empresas, e á súa vez contribuír á simplificación e a eficiencia ao aforrar custos de xestión, tendo en conta que sobre este tipo de imposición veñen realizando bonificacións e subvencións que complican a xestión, engaden carga burocrática para a administración, as empresas e os consumidores"

12 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO LITORAL E DAS SÚAS PRAIAS

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica. A moción é lida polo primeiro tenente de Alcaldía, D. Ramón Manuel Martínez Rial.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A QUE ARTICULE ACTUACIÓNS DE MELLORA PARA A DEFENSA DO LITORAL E DAS SÚAS PRAIAS.

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A costa española e as súas praias, admiradas a nivel internacional pola súa beleza e singularidade, representan un dos maiores valores do patrimonio natural e paisaxístico que converten a España en destino turístico líder mundial.

Multitude de causas acumuladas desde o século pasado, agravadas en parte polos efectos do cambio climático, determinaron a necesidade de protexela, por canto desde hai algúns anos, o litoral español vén sufrindo unha grave deterioración que cada vez se fai máis palpable pola inacción e desidia do actual goberno central #ante factores adversos como os cada vez máis frecuentes temporais que orixinan graves danos á costa e ás súas praias.

É un feito que os máis de 8.000 quilómetros de litoral cos que conta España, son, hoxe en día, máis vulnerables ás inclemencias do tempo. O último informe do Grupo Intergubernamental de Expertos (IPCC) de Nacións Unidas expón como irreversible a subida do nivel do mar. Unha consecuencia que afecta directamente as costas e expón novos retos sobre como se pode alcanzar unha sustentabilidade no que -parece- que deberá ser a contrarreloxo.

Con todo, estes novos retos non están a ser asumidos polo Goberno de España, provocando de forma directa no litoral español unha grave deterioración pola súa inacción e desidia.

Ademais hai que lembrar que o litoral é o substrato físico dunha das principais industrias do país, o turismo; por iso a regresión e os ataques que está a sufrir a costa non só pon en risco a supervivencia do patrimonio natural e a seguridade dos cidadáns, senón tamén constitúe unha grave ameaza para centos de miles de empresas e millóns de postos de traballo no noso país.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia agora faise máis necesario que nunca apostar polo litoral español e o seu defensa a través dun mantemento máis adecuado e acorde que permita a súa supervivencia como patrimonio natural e, ao mesmo tempo, o uso e goce con plenas garantías de seguridade polo conxunto dos cidadáns, residentes e visitantes.

Entre 2015 e 2016 o Ministerio, que entón era de “Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente” e responsabilidade do goberno popular do momento, aprobou e presentou Estratexias para a protección da costa e contra a erosión do litoral en cinco zoas que naquel momento identificáronse como as máis afectadas pola regresión: Huelva, Maresme, Sur de Castelló, Sur de Valencia e Selecta.

Ademais da redacción de estratexias en zonas concretas xa desde ese momento detectouse a necesidade de expor unha estratexia global sobre todo o litoral español e así se fixo, aprobándose finalmente polo mesmo Goberno do Partido Popular, en decembro de 2016, a “Estratexia de Adaptación ao Cambio Climático da Costa Española”.

Pois ben, desde a toma de posesión do goberno actual en 2018, nin se implementou unha estratexia global, nin sequera actualizado as estratexias zonais; truncando así o traballo dos anos anteriores, en moitos casos de forma irreversible pois tristemente hoxe cabería identificar moitas outras máis zonas afectadas. Ao contrario que entón, recentemente publicouse un borrador do que pretende ser unha Modificación do vixente Regulamento da Lei de Costas que, en lugar de avanzar na liña de protexer as nosas costas, conleva unha serie de prescricións totalmente arbitrarias e inxustificadas. (Por exemplo a que modificaría a delimitación do Dominio Público Marítimo e Terrestre (DPMT) cuxo límite se establece “onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos, e que este se alcanzou polo menos 5 veces en 5 anos” que pasaría a ser suficiente “cunha vez”. Esta modificación da Lei de Costas supoñerá tamén que non exista a posibilidade de revisar deslindes cara ao mar se se verifica que non chegou ondada a unha zona en 50 anos. Ou a prohibición de “concesións ou prórrogas cando as obras ou instalacións teñan un certo risco de ser alcanzadas polo mar”, así de xenérico, ou de que “os paseos deixen de ser linde fixo de ribeira de mar”).

Por todo iso e #ante a situación na que nos atopamos é urxente iniciar actuacións inmediatas en defensa do litoral, porque canto máis se tarde en actuar, máis graves serán as solucións para adoptar.

Con carácter inmediato e visto o nivel de urxencia no que nos atopamos a defensa do litoral pode e debe ser compartido por todas as administracións públicas sen deixar de lado ás entidades locais pois #ante as dificultades sempre demostraron ser as primeiras en reaccionar, e no caso da defensa do litoral que nos ocupa, poden e están dispostas en moitos casos para poñer solucións máis áxiles #ante a falta de resposta do Goberno de España.

Ademais, o carácter finalista de gran parte dos fondos habilitados desde a Unión Europea para a recuperación tras a pandemia do COVID-19 respecto a a loita contra o cambio climático, especialmente os Fondos de Recuperación Next Generation, abren unha posibilidade excepcional para levar a cabo accións decididas de protección do litoral usando para iso todas as ferramentas e tecnoloxías dispoñibles.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

PRIMEIRO. Instar o Goberno de España a adoptar con carácter urxente as medidas necesarias para garantir a seguridade e o mantemento das nosas praias e o litoral da costa dos nosos municipios.

SEGUNDO. E en consecuencia co anterior, solicitar ao Goberno de España a actualizar e implementar con urxencia a Estratexia de Adaptación ao Cambio Climático da Costa Española aprobada en 2016 e as Estratexias Territoriais derivadas ou que se deriven dela, usando para iso da posibilidade que ofrecen os Fondos de Recuperación Next Generation da Unión Europea.

TERCEIRO. Mentres tanto, e #ante a inacción do Goberno de España, solicítase que se articulen convenios, que permitan ás administracións locais exercer de mellor maneira e máis ágilmente as competencias sobre a defensa do litoral e as praias e, en concreto, a realización de proxectos e a execución de obras sobre as mesmas.

CUARTO. Que o Goberno de España cre un fondo extraordinario para a realización dos citados convenios que permitan a realización de actuacións de defensa do litoral por parte das entidades locais máis afectadas.

QUINTO. Solicitar ao Goberno de España que desista da reforma do Regulamento da Lei de Costas que estivo en exposición pública e, de manterse a intención de modificalo, expónase publicamente unha nova proposta que permita de novo efectuar alegacións a





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

asociacións de veciños e concellos do litoral español.

SEXTO. - Dar traslado deste acordo ao Goberno, aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios de Congreso e Senado e á Federación Española de Municipios e Provincias.

En Lousame a 8 de xullo de 2022

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto toma a palabra para sinalar que non entende que esta moción veña ao Pleno de Lousame posto que non temos costa. O que se fixo durante os sucesivos gobernos do PP foi unha barra aberta a permitir calquera tipo de instalacións. E agora non lle parece correcto que o actual goberno, como é "filocomunista", poida quere establecer unha regulación do litoral. O goberno non sabe o que vai vir. Trátase de prever o que pode pasar nun futuro. Non lle parece correcto permitir que sigan existindo instalacións no litoral e que se perpetúe no tempo esa situación, poñendo incluso en perigo aos empregados nesas actividades. É preciso regular esta materia.

A Alcaldesa está de acordo en que hai que regular a costa. Pero o que está pedindo na moción é que se lle dea voz aos Concellos. E hai que regular pero de xeito racional. Hai pobos enteiros e incluso ben de interese cultural que están pegados ao litoral. Hai instalacións das que depende moita xente de Lousame, que están emprazadas na costa. O que se pide é que se permita de novo facer alegacións para que os sectores afectados poidan amosar a súa opinión. Non se pode regular sen coñecer a fondo o sector. E o que é válido para unha comunidade autónoma igual non é válido para outra.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), tres (3) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

"PRIMEIRO. Instar o Goberno de España a adoptar con carácter urxente as medidas necesarias para garantir a seguridade e o mantemento das nosas praias e o litoral da costa dos nosos municipios.

SEGUNDO. E en consecuencia co anterior, solicitar ao Goberno de España a actualizar e implementar con urxencia a Estratexia de Adaptación ao Cambio Climático da Costa Española aprobada en 2016 e as Estratexias Territoriais derivadas ou que se deriven dela, usando para iso da posibilidade que ofrecen os Fondos de Recuperación Next Generation da Unión Europea.

TERCEIRO. Mentres tanto, e ante a inacción do Goberno de España, solicítase que se articulen convenios, que permitan ás administracións locais exercer de mellor maneira e máis axilmente as competencias sobre a defensa do litoral e as praias e, en concreto, a realización de proxectos e a execución de obras sobre as mesmas.

CUARTO. Que o Goberno de España cre un fondo extraordinario para a realización dos citados convenios que permitan a realización de actuacións de defensa do litoral por parte das entidades locais máis afectadas.

QUINTO. Solicitar ao Goberno de España que desista da reforma do Regulamento da Lei de Costas que estivo en exposición pública e, de manterse a intención de modificalo, expóñase publicamente unha nova proposta que permita de novo efectuar alegacións a asociacións de veciños e concellos do litoral español.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SEXTO. - Dar traslado deste acordo ao Goberno, aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios de Congreso e Senado e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

13 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO PP SOBRE A MODERNIZACIÓN FERROVIARIA E DOTACIÓNS DE TRENS AVRIL

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica. A moción é lida polo primeiro tenente de Alcaldía, D. Ramón Manuel Martínez Rial.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A MODERNIZACIÓN FERROVIARIA E DOTACIÓN DE TRENS AVRIL

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de Galicia, o Goberno de España **aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.**

Achegada do AVE á cidade de Ourense a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio é preciso que se cumpra unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir.

Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de trens, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa Comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que, o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Para o Partido Popular, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato, é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1. Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade.

En Lousame a 15 de xullo de 2022

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE sinala que dada a dispersión xeográfica de Galicia non é sustentable a postura mantida na moción. Sería necesario un estudo económico... Anuncia o voto en contra.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto), tres (3) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

SEGUNDO: Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade”

14. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 266/2022 Á 411/2022

A Alcaldía da conta das Resolucións por ela emitidas, da número 266 á número 411/2022.

A Corporación dase por enterada.

15. DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN NÚM. 2 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2021-2023

A Alcaldía-Presidencia da conta da 2ª modificación do Plan Estratéxico de Subvencións, que tivo lugar mediante a Resolución da Alcaldía núm. 345 do 16.06.2022, que é a que de seguido se indica:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Modificación núm. 2 do Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023

Expediente: 2022/G003/000369

Expediente relacionado: 2021/A008/000021





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2021-2023, aprobado no Pleno Corporativo do día 28.05.2021 e publicado no BOP núm. 104 do 04.06.2021
- Modificación núm. 1 do Plan Estratéxico de Subvencións, aprobado por Resolución de Alcaldía 599 do 20.10.2021. Publicouse no BOP núm. 204 do 26.10.2022 e deuse conta ao Pleno Corporativo o día 26.11.2021.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

Segundo: En base a isto, o Pleno Corporativo, na sesión Plenaria Ordinaria do día 28.05.2021, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2021-2023. O Plan Estratéxico de Subvencións foi publicado no BOP núm. 104 do 04.06.2021.

Terceiro: Nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2022 figura a dotación orzamentaria para a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Prudencio Romo por importe de 15.000 €. Sen embargo, a dita subvención nominativa figura no Plan Estratéxico de Subvencións, cun importe de 6.000,00 €.

71

Cuarto: O artigo 6 do PES sinala que: “As modificacións puntuais que sexa preciso acometer nos seus tres anos de vixencia, serán competencia da Alcaldía; que deberá dar conta ao Pleno Corporativo”.

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro: Aprobar a modificación núm. 2 do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2021-2023; consistente en incrementar a subvención nominativa contemplada para a Asociación Prudencio Romo, na Liña Estratéxica de Subvencións núm. 4, que quedará redactada do seguinte xeito:

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- ÁREA DE CULTURA E ACTIVIDADES FESTIVAS.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar a tradición e a cultura
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Potenciar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade. 2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera. 3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións culturais do Concello e das súas diferentes parroquias.
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais.
--	---

LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais:

Área	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera.
Obxectivos	— Organizar actividades culturais — Fomentar a participación da cidadanía na cultura e a súa difusión — Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etcétera. — Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.
Efectos que se pretenden conseguir	Desenvolvemento cultural
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2021: Aplicación 334.48000: — Nominativa: O Son do Pote: 1.500,00 € — Nominativa: Asociación Prudencio Romo: 15.000,00 € — Nominativa: Clube de Xubilados do Concello de Lousame: 3.000,00 €. — En concorrencia: Asociacións culturais: 500,00 €
Plan de Acción	<u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista. <u>Réxime de concorrencia:</u> Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
Seguimento e avaliación	— Número de entidades beneficiarias — Número de participantes por cada actividade — Número de accións de difusión realizadas — % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior — % de incremento de participantes por acción, respecto ao ano anterior
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Corporativo, na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

Mándao e asinao a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa.

A secretaria-interventora

(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)

Mª Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

A Corporación dáse por enterada.

16) DACIÓN DE CONTA DO PMP RELATIVO AO 2T 2022

A Alcaldía da conta do Período Medio de Pago a provedores relativo ao 2º trimestre de 2022, que ascendeu a 18,88 días.

A Corporación dase por enterada.

17) INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

A Alcaldía toma a palabra para sinalar que tal e como se quedou cos voceiros de todos os grupos políticos municipais, vai presentar por urxencia unha declaración institucional en defensa dos dereitos do colectivo LGTBI.

73

17.1 DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI

A Alcaldía somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na Orde do día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: ratificar a inclusión deste asunto na Orde do Día.

Unha vez lida a declaración institucional, sométea a aprobación do Pleno Corporativo.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

“Os seres humanos nacemos libres e iguais en dignidade e dereitos sen distinción algunha. O dereitos LGTBI son e serán sempre dereitos humanos, polo que debemos traballar para lograr un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade.

O próximo día 28 de xuño lémbrese en todo o mundo os feitos acontecidos no ano 1969 en Stonewal, situado no barrio neiorquino de Greenwich Village. Estes feitos deron orixe e consideráronse como o catalizador do movemento internacional polo recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI, e desde o ano 1970 vén conmemorando esta data.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A conmemoración dese día lémbra-nos o deber de seguir construíndo sociedades máis tolerantes que convivan na diversidade e promovan o cumprimento dos dereitos vulnerados destes colectivos.

Trátase dunha xornada para continuar coa mobilización a favor dunha sociedade diversa e respectuosa coas diversidades de xénero, capaz de erradicar o odio e as discriminacións, para seguir profundando na democracia e o respecto aos dereitos fundamentais. Debemos seguir traballando para lograr esa sociedade de tolerancia, liberdade e igualdade.

Certo é que houbo avances, hai que lembrade que foi o estado Español un dos primeiros países do mundo en legalizar, coa aprobación da Lei do 2 de xullo do ano 2005, o matrimonio homosexual, outorgándolles en consecuencia todos os dereitos das unións heterosexuais.

Agora ben, é necesario continuar no camiño de ampliación da conquista de dereitos, e poñendo especial empeño na erradicación de condutas LGTBI fóbicas, denunciando estas actitudes sempre, sexan do grao que sexan.. Son condutas discriminatorias e debemos, como axentes responsables, loitar contra elas e empeñarnos en lograr cidades e pobos libres de violencia, convertidos en lugares de respecto.

Desde as institucións debemos asegurar a igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI e as súas familias, como elemento esencial dunha boa convivencia para o progreso e o desenvolvemento social.

É a nosa obriga-ción poñer freo aos discursos de odio que desde hai tempo están a escoitarse, construíndo un muro para concienciar á sociedade para que todas as persoas, sen importar a súa identidade ou orientación sexual, poidan exercer, sen medo e con respecto, todas as facultades e dereitos que lles corresponden como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Neste sentido, no mes de marzo do pasado ano, o Parlamento Europeo aprobou unha contundente resolución na que se declara que a Unión Europea é unha zona de liberdade para as persoas LGTBI e que non se tolerará a perigosa e discriminatoria retórica que impide que millóns de persoas poidan vivir libremente.

Somos as entidades locais, institucións máis próximas á cidadanía, os garantes dunha acción local clara pola igualdade e a defensa da convivencia, con independencia de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Por todo o exposto, o pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Lousame súmase na defensa nítida do dereito en plena igualdade, á dignidade, e ao libre desenvolvemento da identidade sexual e/o de xénero.

Segundo: O Concello de Lousame mostra o seu compromiso de continuar cos traballos desenvolvidos polo area de igualdade na promoción de actitudes políticas que favorezan a concienciación social para un efectivo cambio de mentalidade que erradique actitudes LGTBI fóbicas e o rexeitamento fronte ás mesmas.

Terceiro: O Concello de Lousame insta as administracións competentes para que atopen consensos na adopción das medidas necesarias, tanto lexislativas como administrativas e de calquera outra índole, para prohibir e eliminar todo trato discriminatorio baseado na orientación sexual ou na identidade de xénero, mellorando desta maneira a lexislación vixente.

Cuarto: O Concello de Lousame non permanece allea aos múltiples casos documentados internacionalmente que veñen poñer de manifesto, aínda hoxe, a criminalización nalgúns países da homosexualidade e transexualidade, privación de dereitos e discriminación legal, así como tamén a impunidade destes crimes.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto: O Concello de Lousame quere mostrar a súa solidariedade e apoio a todas as vítimas das agresións LGTBI fóbicas, e en especial, lembrar o asasinato por agresión homófoba en grupo de Samuel Luiz, un acto brutal, inhumano e execrable que conmoveu á sociedade desta provincia e, de toda España, e do que se cumpriu un ano.

Sexto: O Concello de Lousame quere facer un recoñecemento ao labor de todas as persoas activistas e de organizacións que voluntariamente levan traballando máis de 50 anos en favor da igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI.

17.2 REXEITAMENTO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME Á AUTORIZACIÓN DE VERTEDEURAS NAS MINAS DE SAN FINS

O voceiro do Grupo Mixto sinala que quere presentar unha moción sobre este asunto. Xa sabe que non sairá adiante porque estamos no Concello no que estamos. Parécelle moi grave ir en contra do sector produtivo desta comarca.

A Alcaldía somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na Orde do día. Considera que non é algo urxente, pero vai deixar que expoña a moción. Porque logo se pode manipular é dicir que esta coartando a liberdade de expresión.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: ratificar a inclusión deste asunto na Orde do Día.

O voceiro do Grupo Mixto pasa a dar lectura da moción, que é do seguinte tenor:

75

A explotación das minas de San Fins ten unha longa historia de mentiras e accións irregulares por parte da empresa adjudicataria nun intento por conseguir desenvolver a explotación do lugar sen cumprir coas garantías ambientais pertinentes, como xa se ten corroborado en diversos acordos desta Corporación durante os últimos anos.

Da mesma forma, informes técnicos de profesionais da Xunta de Galicia teñen corroborado a responsabilidade da concesionaria da mina sobre as presas de residuos tóxicos que ameazan o noso medio natural e a economía do noso municipio. Isto, despois de que se intentase verter mentiras tan obvias como a defensa de que as presas pertencían ao sistema de funcionamento duns antigos muíños, entre outras.

Alén diso, especialistas de relevancia internacional teñen sustentado a tese defendida por esta Corporación, así como pola Confraría de Pescados San Bartolomeu de Noia, de que as probas piloto sobre as que se pretende amparar a nova explotación da mina de San Fins non aportan ningún tipo de seguridade de que o resultado da actividade mineira non provoque a contaminación de ríos, acuíferos, terreos agrícolas e forestais, así como da ría de Muros e Noia.

Por estes motivos, a Corporación Municipal de Lousame adopta os seguintes acordos:

- 1 Rexeitar a proposta de resolución de autorización de verteduras nas minas de San Fins emitida recentemente pola Xunta de Galicia.
- 2 Instar ao Goberno Municipal de Lousame a colaborar e facer parte das alegacións que presente a Confraría de Pescadores San Bartolomeu de Noia, Portosín e outros colectivos interesados.
- 3 Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das minas de San Fins que non teña como condición ineludible o desenvolvemento dun novo plan de explotación sometido a proceso de avaliación ambiental.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 4 Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das minas de San Fins que non teña como condición ineludible o desenvolvemento previo dunha restauración ambiental da contorna da mina de San Fins, incluíndo a retiradas dos residuos tóxicos das presas e a súa demolición.
- 5 Instar á Xunta de Galicia a denegar calquera proceso de explotación das minas de San Fins que non teña como condición ineludible do establecemento dunha fianza cautelar á empresa concesionaria cunha contía dunha relevancia suficiente para cubrir impactos sobre o medio natural e a actividade económica na nosa comarca.
- 6 Instar á Xunta de Galicia a facer un seguimento da calidade das augas na contorna da mina de San Fins, desde este mesmo momento, e no transcurso do cumprimento dos acordos anteriores.
- 7 Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e á Confraría de Pescadores San Bartolomeu de Noia.
- 8 No caso de que se dé adopte por parte de augas de Galicia resolución da autorización dos verteduras, sen ter en conta as medidas previas solicitadas, a corporación municipal de Lousame comprométese a levar ó contencioso administrativo tal decisión por considerala contraria ós intereses da veciñanza de Lousame

A Alcaldía considera que a moción está chea de imprecisións. A Alcaldesa é consciente de que todo o proceso está a seguir o procedemento aplicable. Gustaríalle saber o que se lle di á xente, se se lle explica o que é un filón, se se lle di que a auga está a saír xa de xeito natural, no caso de que non se faga nada... Logo tamén se fala de que se duplica a saída de auga... Non é certo, porque nese cómputo matemático non se ten en conta o que sae de xeito natural. Hai que ter en conta o que sa está saíndo, o que vai saír a maiores, e aí está o incremento real. E ademais esa auga non sae de golpe. Senón que vai saíndo pouco a pouco a medida que se vai depurando e facendo controis exhaustivos.

Polo tanto, se todo se vai facer segundo o procedemento legalmente previsto, se se van facer controis exhaustivos, se se vai baleirar a présa, se se vai actuar no entorno do río... Por que vai estar o Concello de Lousame en contra diso? Como imos estar en contra de que as cousas melloren? O que non podemos facer é dicirlle á xente que a auga non está saíndo. Porque a auga si está saíndo de xeito natural e sen ningún tipo de depuración nin control.

76

A Corporación de Lousame defende totalmente o sector marisqueiro. E iso que hai persoas que están dando información á cidadanía e aos visitantes... Que cre que é bastante negativo para o propio sector. Quere deixar claro que temos o mellor berberecho do mundo. Este ano houbo unha colleita moi boa. E aínda será mellor se as cousas se fan mellor a partir de agora.

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra e antes de nada, preguntalle ao Sr. Moledo Carreño que significa a afirmación que fixo ao principio de que *"estamos no Concello no que estamos"*.

O voceiro do Grupo Mixto referíase a que a moción non ía saír adiante porque a meirande parte do Pleno Municipal está favor de que abra a Mina de San Fins nas condicións actuais.

A voceira do PSdG-PSOE preguntalle logo que cales son esas condicións actuais.

O voceiro do Grupo Mixto di que hai un estudo ambiental que non está completo, que as probas foron negativas, que a depuradora piloto atascouse, e estivo vertendo directamente esa auga ao río...

A voceira do PSdG-PSOE di que non fai moito fíxose unha analítica da auga, por parte dunha empresa independente, na que se comprobaba que a auga non tiña esas cantidades de cadmio tan elevadas ás que vostedes se refiren... Quere manifestar en primeiro lugar que están a favor do sector marisqueiro e que comparte as palabras da Sra. Alcaldesa de que temos o mellor berberecho do mundo.

Tamén lle recorda ao Sr. Moledo Carreño que aínda está pendente de entregarlle un informe sobre este asunto, do que falara nun Pleno anterior.

O Sr. Moledo Carreño contéstalle que tampouco llo volveu pedir máis.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D^a Beatriz González Bargo di que terá que poñer unha alerta no móbil para recordarllo en todos os plenos. E por último quere advertirlle ao Sr. Moledo que nesta moción non se fala doutras moitas verteduras que se están facendo na ría....

O Sr. Moledo Carreño comenta que ninguén di que o berberecho de Noia sexa malo pero si que está correndo un grave perigo se non se actúa.

D. Julio M. D. Paradela Busto di que o risco non é San Fins. O risco do berberecho son as verteduras que se fan na ría...

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPP do PP e PSdG-PSOE) e un (1) voto a favor (emitido polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a moción plantexada polo voceiro do Grupo Mixto.

18) ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do PSdG-PSOE plantexa os seus rogos e preguntas:

1.- Quere preguntar pola Resolución de Alcaldía núm. 365. Creía recordar que xa se falara desto nun Pleno pero aínda non lles quedou claro.

Alcaldesa: Es indemnización que hai que pagar á Seguridade Social deriva dun accidente laboral que sucedeu no Concello hai xa varios anos. Podería farse longo e tendido, pero é algo que xa está xulgado e polo tanto non queda máis que acatalo. Foi un accidente que se produciu na nave cun empregado que estaba utilizando unha serra para facer unha mesa para un espazo público. Foi unha desgraza o que pasou e esperamos que nunca máis volva acontecer algo semellante.

2.- Quere preguntar polo Decreto 277. Refírese a facturas por limpeza de locais. Chámalle a atención que a factura por limpeza do PAI e moito máis elevada ca da limpeza no Centro de Día, cando é moito máis grande o segundo.

Alcaldesa: Todo iso está motivado polo período do Covid e o posterior ao Covid. O custo da limpeza duplicouse. Incluso quedaba unha persoa toda a mañá no PAI para que cada vez que entraba un pai entrase a desinfectar. Todas estas actuacións supuxeron un sobrecusto durante toda a pandemia. Pero de todos os xeitos corroborará os datos co departamento de contabilidade por se houbese algunha información máis que aportar.

3.- Chegáronlle queixas de varios veciños sobre déficit no transporte público. Da liña de Monbus que ven de Santiago a Noia quitáronse bastantes horas. Agora dende as 12 da mañá até as 16 horas non teñen autobús. Tamén lle chegou outra queixa dunha persoa de Tállara.

Alcaldesa: Aparte da liña ordinaria existe un transporte que lle chaman "integrado" donde poden ir tanto os nenos que van aos centros educativos como outras persoas alleas ao ámbito educativo. Esas liñas agora non están operativas porque estamos en período non lectivo. Gustaríalle ver as demandas dos lugares concretos para poder trasladarllas ás empresas de transporte. Tamén se informará sobre a liña de Monbus... Con todo iso, se é necesario, farán unha reclamación conxunta.

4.- Chegoulle unha queixa de varios pais que non están contentos coa nova empresa que está levando o servizo Concilia. Que lles gustaba máis a empresa anterior.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: O Concello tamén estaba contento coa empresa que desenvolvía antes ese contrato, pero o contrato foi licitado, e saíu adxudicatario outra empresa. E hai que cumprir a Lei de Contratos. A nova empresa podería ter subrogado aos traballadores da anterior empresa, pero eses traballadores non quixeron ser subrogados. Durante os primeiros días houbo algunhas actuacións non correctas por parte do actual empresario. Dende o Concello se actuou inmediatamente, incoando un expediente de imposición de penalidades administrativas. Un dos monitores foi cambiado. De todos os xeitos estase facendo un seguimento e calquera cousa que se detecte actuarase inmediatamente. O director da empresa amosouse disposto a corrixir todas as incidencias de cara ao futuro. El veu falar ao Concello cando lle chegou o escrito... Pero a nós gustaríanos que non houbese que ter feito ese escrito.

5.- Os veciños de Burzó necesitan máis colectores de lixo.

Alcaldesa: E tamén necesitan máis servizo. As comunicacións que lle están chegando dos veciños de Burzó é que a empresa estaba indo a recoller dous días á semana (cre recordar que era martes e venres) e que durante todo o mes de xullo están indo unha soa vez. Este é o servizo que ten aquí o Concello que está acollendo o lixo de toda a Mancomunidad. Estas queixas xa as fixo chegar, pero aínda as fará chegar a outros lugares.... O Concello é igual que o resto dos Concellos e quere que se lle trate igual que ao resto dos Concellos. Aquí tamén incrementa a poboación no verán, aquí tamén se incrementa o número de residuos... O que non se pode facer é suprimir días de recollida en Lousame para reforzar días de recollida noutros Concellos.

O voceiro do Grupo Mixto plantexa os seus rogos e preguntas.

1.- Gustaríalle que a persoa do GPM do PP que está sentada neste Salón de Plenos pida desculpas ao Sector do Marisqueo que estaba protestando no Concello de Noia. Ademais esas declaracións están gravadas. El pediulle a xente que coñece do sector marisqueiro que non filtrase o vídeo porque é bastante vergoñento e ademais deixa en mal lugar ao Concello de Lousame. Agora ten a oportunidade de pedir perdón a todos os mariscadores e de pedir perdón a todo o mundo que alí estaba. Os mariscadores non insultaron a ninguén. Só foi un abucheo.

Alcaldesa: Non coñece absolutamente do que está a falar o voceiro do Grupo Mixto. Nin quen o oíu, nin quen o gravou, nin o quen dixo... Non sabe de que está a falar.

O voceiro do Grupo Mixto di que non vai repetir as palabras porque lle parecen vergoñentas. Había 2 persoas desta Corporación alí nese acto....

Alcaldesa: Se o voceiro do Grupo Mixto quere denunciar iso.... Concrete que se dixo e quen o dixo.

O voceiro do Grupo Mixto contesta que o escoitou el en vivo pero non quere repetir as verbas porque lle parecen vergoñentas.

Alcaldesa: Ela descoñece o que pasou pero tamén hai que ver o contexto. Porque se a todos os que estamos aquí, incluído a vostede, Sr. Moledo Carreño, os gravan nunha conversa privada,,, pois igual teríamos que estar aquí todos pedindo perdón....

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e trece minutos (22:13 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Mª Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

